# A QUIMERA

Alice Rohrwacher, 2023

# 1273

**ESTREA EN NUMAX:** 19.04.2024 | V.O.S.E. | 130 min

Inesperado zahorí, Arthur ten o don de localizar ocos baixo a terra. Un atributo que o converte no perfecto buscador de tesouros na rexión italiana que alberga as ruínas da civilización etrusca. Aínda que o que Arthur anhelaría reencontrar, a quimera que o guía, é a Beniamina, o seu amor perdido. Unha beleza inigualable palpita en cada fotograma desta fábula na que esa picaresca propia da cultura mediterránea convive coa procura da utopía.

«É unha película lindísima, chea de poesía e cun gusto especial polo poder das fábulas»

Ángel Quintana, CAIMÁN CUADERNOS DE CINE



# Entrevista con Hélène Louvart

*Por Brigitte Barbier*

**Este filme foi rodado en celuloide como a maioría dos dirixidos por Alice Rohrwacher. Podes falarnos algo sobre a escolla do formato?** Con Alice, desde a súa primeira película, *Corpo Celeste* (2011), sempre rodamos en Super 16 milímetros. A única excepción foron dous episodios da serie *L'Amie prodigieuse* (2018) que rodamos en dixital. Para *A quimera*, Alice quería experimentar outro enfoque da imaxe en relación co medio, separarse un pouco deste Super 16 mm que tanto ama (e eu tamén, por certo) e enfrontarse ao 35 mm. Xusto antes d'*A quimera* rodamos *Le Pupille* (2022), unha curtametraxe duns 40 minutos en 35mm, o que foi de grande axuda na preparación do filme. Para *A quimera* decidimos mesturar os dous soportes e mesmo engadir un máis, o 16 mm.

**Cal foi a razón concreta detrás desa combinación de formatos?** Como toda escolla artística está ligada á historia que se relata. Era obvio que tiñamos que representar a civilización etrusca en 35 mm por respecto a todo o que nos deixou, aínda que sen poder igualar a beleza artística de todo o que esta cultura atesoura. Para filmar a vida cotiá deste grupo de amigos que oscilan entre heroes e simples ladróns o Super 16 resultábanos moi familiar. Para gravar animais, a natureza e algúns puntos de vista diferentes sobre Arthur tiñamos unha cámara Bolex de 16 mm. Para preservar o soporte do Super 16 mm, que pode acadar moito grao segundo a exposición, decidimos filmar tamén os exteriores nocturnos relacionados coa vida cotiá en 35 mm. Para que estes cambios non fosen moi visibles en cada cambio de secuencia non mudamos en exceso o noso de método de rodaxe e edición entre os fragmentos de Super 16 e 35 mm.

**O campo d'*A quimera* contrasta cos espazos subterráneos dos etruscos. Foi un gran desafío filmalo?** Digamos que é diferente. En exteriores o tempo mudaba do gris e o frío dos interiores na parte invernal, ao sol, a calor e os fortes contrastes do verán. Todo isto está en total oposición ao mundo dos etruscos, onde as cavidades subterráneas carecen de luz natural e de osíxeno e que é un medio de conservación incrible. Entón si, a diferenza é enorme.

**Como fixeches para filmar este universo subterráneo?** Obviamente non filmamos en tumbas reais. Emita, a fiel decoradora de Alice, recreou en cada ocasión entradas, covas, sotos etruscos nos que poder fotografar e empregou a luz da candea de Arthur, reforzándoa como lámpadas de peto e LEDs reflexados nas paredes para descontrastalo todo.

**E no plano visual o propio campo crea unha oposición natural..**. Exacto, e como nas películas anteriores de Alice, cuns docos HMI detrás das ventás para cada ambiente e LEDs no interior.

**A imaxe apoia certo romanticismo da narración, non é?** Si, porque a miúdo nas películas de Alice tamén hai intres poéticos, momentos de vida, de baile, de canto e tamén certo humor na súa mirada.

**Con que te quedas desta nova experiencia canda Alice Rohrwacher?** Non sabería quedarme con algo en particular. Diría que o pracer de mesturar soportes de 16, Super 16 e 35mm que ademais permitiu durante a preparación sermos moi precisas na relación entre as pasaxes etruscas e as cotiás, seguindo así o propósito do guión.

Publicado en afcinema.com